

CALDAS DE REIS**A N U N C I O**

Aprobada inicialmente polo Concello Pleno en sesión de data 30 de xaneiro de 1998, a Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Licencias Urbanísticas, sométese a información pública por prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no B.O.P., a efectos de reclamacións.

Caldas de Reis, a 23 de febreiro de 1998.—O Alcalde, ilexible. 2150

* * *

PAZOS DE BORBEN**E D I T O**

Téndose solicitada desta Alcaldía por D. Emilio Abdias Paz Alonso, en nome e representación da empresa Palés y Sistemas de Embalajes Alba, S.L., licencia de apertura para instalación dunha industria adicada a fábrica de palés e embalaxes de madeira, a emprazar en Campiño nº 21, parroquia de Cepeda, deste Concello.

En cumprimento do artigo 30.2, apartado a) do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, do 30 de Novembro de 1.961, sometese a información pública polo período de dez días, a fin de que durante o mesmo—que empezará a contarse dendo o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O expediente atópase de manifesto e pódese consultar de 9 a 14 horas, tódolos días laborais, na Secretaría do Concello.

En Pazos de Borbén, a 24 de febreiro de 1998.—O Alcalde, Manuel R. Conde Romero. 2158

* * *

A ESTRADA

Polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o trece de febreiro de mil novecientos noventa e oito, acordouse, previo cumprimento dos trámites establecidos na Lei de Bases de Réxime Local, a aprobación definitiva da seguinte Ordenanza:

ORDENANZA ESPECIAL REGULADORA DE LIMPEZA E VALADO DE SOLARES**CAPITULO I****DISPOSICIONS XERAIS**

ARTIGO 1.—A presente ordenanza dítase en virtude das competencias atribuídas pola lei de Réxime Local 7/85 nos artigos 4.1; 25.2 e 84 e artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística de 23 de xuño de 1978, así como a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 2.—O referirse esta ordenanza a aspectos de protección de ambiente, sanidade, prevención de incendios, salubridade pública e ornato, a presente ordenanza ten a consideración de "Ordenanza de Policía Urbana", á marxe das ordenanzas Urbanísticas.

ARTIGO 3.—Os efectos desta ordenanza, terán a consideración de solares:

- a) As superficies de Solo urbano, aptas para a edificación, por cumpri-los requisitos do artigo 64 da Lei do Solo de Galicia.
- b) Os terreos que estando na mesma situación que os anteriores non sexan aptos para urbanizar pola súa superficie ou forma irregular.
- c) Os terreos sitios en núcleo rural ou casas abandonadas que estean ó lado de vivendas.

ARTIGO 4.—Por cerramento de solar, ha de entenderse a obra de fábrica con ladrillos, bloques de formigón ou elementos prefabricados, sempre e cando o seu aspecto sexa vistoso, debendo para isto pintalos ou revestilos con morteiros ou outros elementos axeitados, previa concesión da licencia municipal.

CAPITULO II**DA LIMPEZA DE SOLARES**

ARTIGO 5.—O Alcalde exercerá a inspección das parcelas, as obras e as instalacións do termo municipal para comproba-lo cumprimento das condicións esixibles.

ARTIGO 6.—Queda prohibido botar lixo ou residuos sólidos nos solares ou espazos libres de propiedade pública ou privada.

ARTIGO 7.—1) Os propietarios de solares deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles prohibido manter neles o lixo, residuos sólidos urbanos, entullos ou maleza.

2) Cando pertenza a unha persoa o dominio directo do solar e a outra o dominio útil, a obriga recaerá sobre a que teña o dominio útil.

ARTIGO 8.—1) O Alcalde de oficio ou a instancia de calquera interesado, previo informe dos servicios técnicos e escoitado o titular responsable, dictará resolución sinalando as deficiencias existentes nos solares, ordenando as medidas precisas para reparalas e fixando un prazo para a súa execución.

2) Transcorrido o prazo concedido sen se ter executado as medidas precisas, o Alcalde ordenará o comezo do expediente sancionador, tramitándose conforme á Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, con imposición de multa que será de ata 10.000 pesetas.

Na resolución ademais requirirase ó propietario ou ó seu administrador para que proceda á execución da orde efectuada que, de non cumprila, levarase a cargo polo Concello con cargo ó obrigado, a través do procedemento de execución subsidiario previsto na lei citada no parágrafo anterior.

Tamén o Alcalde, se o considera oportuno, poderá impoñer multas coercitivas de conformidade co artigo 99 da Lei de Réxime Xurídico e de Procedemento Administrativo Común.

CAPITULO III

DO CERRAMENTO DE SOLARES

ARTIGO 9.—Os propietarios de solares deberán mantelos cerrados, por razóns de salubridade, seguridade e ornato públicos.

ARTIGO 10.—O cerramento ou cercado do terreo terá que ser de material opaco cunha altura de dous metros, revocado e pintado. O cerramento considérase obra menor, e está suxeito a previa Licencia Municipal.

ARTIGO 11.—1) O Alcalde, de oficio ou a instancia de calquera interesado, ordenará a execución do cerramento dun solar, indicando na resolución os requisitos e prazo da execución, previo informe dos Servicios Técnicos Municipais e escoitado o propietario.

2) A orde de execución supón a concesión da licenza para realizar dita actividade e a aprobación da liquidación correspondente.

3) Transcorrido o prazo concedido sen ter executadas as obras, procederase conforme o previsto no artigo 8º desta Ordenanza.

CAPITULO IV

RECURSOS

ARTIGO 12.—Contra as Resolucions da Alcaldía cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza que consta de 12 artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello Pleno e publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1982, do 2 de abril.”

2º.—Que se expoña a información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días e posteriormente se pase novamente ó Pleno para a súa aprobación definitiva.

O que se fai público para xeral coñecemento, advertindo a tódolos interesados que con esta publicación entra en vigor a referida Ordenanza.

A Estrada, a 20 de febreiro de 1998.—O Alcalde,
ilexible. 2149

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

EDICTO

El Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia número cuatro de Pontevedra.

Hace saber.—Que en este Juzgado de mi cargo, bajo el número 166/1996, se siguen autos de jura de cuentas, a instancia del Procurador don Pedro López López, en representación de José Pablo Galván Carballo, contra Andrés Rodríguez Ibáñez, en reclamación de cantidad, en cuyas actuaciones se ha acordado sacar a la venta en primera y pública subasta, por término de veinte días y precio de su avalúo, el siguiente bien embargado al demandado:

—Unico: Vehículo Volkswagen Golf, matrícula PO-8050-AG, valorado en 320.000 pesetas.

La subasta tendrá lugar en la Sala de Audiencia de este Juzgado, sito en calle Germán Adrio Sobrido nº 8-bajo el próximo día 4 de mayo, a las diez horas, con arreglo a las siguientes condiciones:

1.—El tipo del remate será el de 320.000 pesetas, sin que se admitan posturas que no cubran las dos terceras partes de dicha suma.

2.—Para poder tomar parte en la licitación deberán los licitadores consignar previamente en la cuenta número 3589-10-166/96 de la oficina principal del BBV de Pontevedra el veinte por ciento del tipo del remate.

3.—Podrán hacerse posturas por escrito, en pliego cerrado, desde el anuncio de la subasta hasta su celebración, depositando el veinte por ciento del tipo del remate en la forma antedicha.

4.—Podrá hacerse el remate a calidad de ceder a un tercero, solo por el actor.